

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1210W9	CON/10/2018	25-05-18 14:35

Número 139 .- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á adxudicación do servizo de posta en marcha dos orzamentos participativos COMPOSTELA DECIDE para 2019.

Destinatario

15078DCMG1210W9



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 25 de maio de 2018, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 139 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA E FACENDA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE POSTA EN MARCHA DOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS COMPOSTELA DECIDE PARA 2019.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 22 de maio de 2018, da concelleira delegada de Economía e Facenda. Así mesmo, do informe con observacións de Intervención, número 2018/281 de data 23.5.18.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**María Rozas Pérez**, concelleira delegada de Economía, facenda e administración, e presidenta da mesa de contratación da licitación "Servizo posta en marcha dos orzamentos participativos COMPOSTELA DECIDE para o ano 2019" conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art.. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017 ."

**EXPÓN:**

Primeiro: Con data 15-05-2018 celébrase a mesa de contratación na que se procede ao exame do informe valorativo da única oferta

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1210W9	<i>Expediente</i> CON/10/2018	<i>Fecha</i> 25-05-18 14:35

presentada correspondente ao licitador, *CIDADANIA REDE DE APLICACIONES SOCIAIS SOC COOP*, CIF: F15715683; nesta mesma data se procede á apertura dos sobres de documentación técnica da oferta e se efectúa a valoración final consonte aos criterios de adxudicación. A mesa acorda que se requira á citada empresa a aportación da documentación esixida para a adxudicación do contrato

Segundo: Finalmente, con data 21-05-2018 celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos requisitos de solvencia, capacidade de obrar e pagamento de taxas e timbres.

En consecuencia e conforme ao acordado nas correspondentes mesas de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor de, *CIDADANIA REDE DE APLICACIONES SOCIAIS SOC COOP*, CIF: F15715683, por un importe de 66.000,00 euros (IVE aparte 21%: 13.860,00 euros).

Designase como técnico responsable do contrato a Dna Marina Sandamil Andión, economista da oficina orzamentaria..

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 030 93100 22799."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Adxudicar o contrato de "Servizo posta en marcha dos orzamentos participativos COMPOSTELA DECIDE para o ano 2019" a favor de *CIDADANIA REDE DE APLICACIONES SOCIAIS SOC COOP*, CIF: F15715683, por un importe de 66.000,00 euros, (IVE aparte 21%: 13.860,00 euros).

Designase como técnico responsable do contrato a dona Marina Sandamil Andión, economista da oficina orzamentaria.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1210W9	<i>Expediente</i> CON/10/2018	<i>Fecha</i> 25-05-18 14:35

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 030 93100 22799.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández